

Mini e Mero

24 de setembro de 2014

MINI E MERO (En Irimia 21-09-2014)

Grazas Mini e Mero, por transportarnos ao mundo da felicidade coas vosas cancións, cos acordes da poesía enfeitizada en notas, co poder das vosas voces que rompen o silencio e bradan nas carballeiras da nosa nación para que vos sigan os novos e os que non somos tanto.

Engaiolados estamos escoitando as palabras que rompen o noso corazón e aletean no sentimento coma gotas que limpan o sangue das feridas tan fondas que levamos dende hai tanto e tanto, que xa nin o vento se acorda do noso sufrir, mais vosoutros estades aí para espertarnos, para refoegar e tras dos arquexos moribundos sumirnos na posibilidade de volver ao noso ser, de crernos, de sentir que aínda somos quen para espertar os novos soños.

Vosoutros sentides a verdade da nosa terra, profetas que irrompedes na luz e sacades alboradas e relampos de lingua e de cultura.

Xenerosos oferentes das catedrais populares da música, e dende os altares das actuacións e os outeiros da esperanza xunguides as nosas ánimas na teima da terra, debullando sementes que en forma de cancións agroman nos corazóns expectantes das nosas agras sucando futuros e recollendo paleiros de amizade e horizontes de porvires.

Grazas Quenlla de auga ruxidoira, tamén vosoutros sodes Irimia, tamén vosoutros sodes río polo que esvara a cultura e a sabedoría do noso pobo, canle aberta á nosa afirmación nacional “petita” e non “manifesta” e ao concerto que os deuses do auténtico difunden ao vento da patria.

Grazas sempre, compañeiros de aula.